

# POLÍTICA de XESTIÓN

Os **alicerces estratéxicos** de Clece son:



## SUSTENTABILIDADE E LIDERADO

Queremos ser líderes nos nosos sectores de actuación, apostando por un crecemento sustentable, mediante unha xestión rigorosa e eficaz dos nosos servizos orientada á satisfacción dos nosos clientes e á mellora continua, cunha optimización dos recursos e a creación de sinerxías a nivel local, rexional e global, que son algunas das claves que explican o crecemento da compañía.



## COMPROMISO SOCIAL

Traballamos co obxectivo principal de promover o emprego e fomentar a igualdade de oportunidades por medio da integración de persoas con problemas de acceso ao emprego procedentes de colectivos socialmente desfavorecidos, tales como persoas con diversidade funcional, persoas en risco de exclusión social, mulleres vítimas da violencia de xénero e xente nova desempregada.



## SEGURIDADE E SAÚDE

Para Clece, as persoas constitúen o valor máis importante. Co obxecto de desenvolver unha xestión eficaz da seguridade e saúde dos nosos traballadores, establecemos principios reitores da seguridade e a saúde para impulsar a integración da actividade preventiva na compañía, tanto na cadea xerárquica coma no proceso produtivo.



## MEDIO AMBIENTE

Comprometémonos coa prevención da contaminación, a protección do medio natural, a mellora da eficiencia tanto do consumo enerxético propio coma dos nosos clientes, a redución das emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera e a sensibilización ambiental a todas as partes interesadas.



## PRINCIPIO ÉTICOS

Mantemos un compromiso cunha actitude laboral baseada na integridade, transparencia e honestidade, así como o cumprimento da lexislación aplicable, dos requisitos dos nosos clientes e dos sistemas de xestión implantados: calidade, ambiental, eficiencia enerxética, seguridade alimentaria, seguridade da información, innovación tecnolóxica e responsabilidade social corporativa, demostrando un comportamento ético de todo o persoal na realización das xestións diárias



## INNOVACIÓN

Procuramos novos desenvolvimentos e innovacións para a mellora dos procesos e técnicas aplicables aos servizos que nos axuden a situarnos como unha empresa líder no sector de I+D+i, mellorando a produtividade e a satisfacción dos clientes.

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Cristóbal Valderas Alvarado".

Asdo. Cristóbal VALDERAS ALVARADO  
Presidente Executivo